



## DECLARACIÓN DÍA MUNDIAL VIH/SIDA 2011

Hoxe, día 1 de decembro, conmemórase o Día Mundial da Sida, este ano coincide coa entrada na cuarta década da pandemia xa que xa pasaron 30 anos dende que se describiron os primeiros casos da enfermidade.

O espírito que leva á comunidade internacional a declarar este Día Mundial é facer que todos reflexionemos sobre a situación da enfermidade, -tanto dentro como fóra das nosas correspondentes fronteiras-, coñezamos a situación actual e actualizada da mesma e manteñamos o noso compromiso de seguir traballando na loita contra ela, pois, aínda que se vai avanzando, queda moito por facer para chegar a cumprir o obxectivo da Estratexia 2011-2015 de ONUSIDA: CHEGAR A CERO.

A infección polo VIH nos seus 30 anos de historia, supuxo e supón un permanente desafío para os sistemas sanitarios e a sociedade en xeral. Foi en xuño de 1981, cando a administración de saúde pública dos Estados Unidos de América facía públicos 5 casos de pacientes, -5 homes novos-, que entre outubro de 1980 e maio de 1981 padeceran unha pneumonía por pneumocistis carinii, un xerme moi pouco común, que provocara xa, no momento desa publicación, a morte de dous deses pacientes. Comezaba así a investigación sobre unha nova enfermidade que provocaba unha inmunosupresión severa e que facilitaba en quen a padecía a aparición de cancros e infeccións moi pouco frecuentes na poboación.

A partir de xullo de 1982 a enfermidade pasou a denominarse Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida (sida). A observación das súas características clínico-epidemiolóxicas, pronto levou a identificar as súas vías de transmisión: a través do sangue, o seme, o fluído vaxinal e da nai ao fillo durante o embarazo, parto e lactación. En 1983, e tras moitas hipóteses, identificouse e illouse o seu axente causal, un virus ao que se lle chamou virus da inmunodeficiencia humana (VIH). Abríase así o elo seguinte da cadea, a busca dun tratamento eficaz e dunha vacina contra a enfermidade.

Foi no ano 1996 cando se consegue un bo tratamento para a enfermidade, que se ben non leva a súa cura, si mellora a esperanza e a calidade de vida dos seus afectados. Dende ese mesmo momento a comunidade científica continúa a investigar nun tratamento mellor e con menores efectos secundarios. Paralelamente trabállase para atopar unha vacina, para conseguir, a través de todos os mecanismos de prevención xa coñecidos, a evitación de novas infeccións.

Todas estas medidas están a ter resultados. A pandemia da sida está, a nivel mundial, nunha fase de estabilización con algunhas sinais de diminución, pero segue a manter altas taxas de novas infeccións e, así, cada día no mundo infécense 7.000 persoas que hai que engadir aos 33,3 millóns de persoas que xa estaba infectados polo VIH. Sen esquecer que cada ano morren 1,8 millóns de persoas en relación coa sida.



En Galicia estamos tamén nunha clara fase de estabilización pero é preciso lembrar que cada ano se producen na nosa Comunidade 204 casos novos de infección polo VIH.

Por iso debemos seguir traballando, para “chegar a cero”, chegar a cero en novos casos, chegar a cero en estigmatizacións, en discriminación dos afectados, en desigualdade e en mortalidade e todo isto tan só será posible se seguimos atentos a ela, traballando conxuntamente dende todos os ámbitos da sociedade para concienciar á poboación que a enfermidade segue entre nós.

Todos debemos saber que, a día de hoxe, na nosa Comunidade Autónoma, a transmisión por relacións sexuais non protexidas supón un 72% dos novos casos de infección, que hai máis dun terzo de persoas infectadas que descoñecen que o están e que preto da metade destes novos casos diagnóstícanse tardiamente, cando o grao de inmunosupresión é xa importante o que diminúe a capacidade de resposta ao tratamento antiretroviral e incrementa a transmisión da enfermidade.

Dada esta realidade epidemiolóxica, no noso ámbito sanitario a prevención primaria da enfermidade e o diagnóstico precoz da mesma deben ser as prioridades na loita contra a infección.

Debemos aproveitar esta data para lembrarlle á poboación que o uso do preservativo segue a ser o principal elemento de prevención da transmisión da enfermidade, tanto nas relacións heterosexuais coma nos homes que teñen sexo con outros homes.

Para mellorar o diagnóstico precoz, destacar que no segundo semestre deste ano 2011, introducíronse en Galicia as probas rápidas de detección de VIH. Son probas sinxelas, realizadas de forma anónima a persoas de colectivos con dificultade de acceso ao sistema sanitario para lograr diminuír novas infeccións, modificar as condutas que favorecen a transmisión do virus e iniciar un tratamento o máis precoz posible o que mellora de xeito significativo a resposta ao mesmo, diminuíndo ademais o custe para o sistema sanitario.

Non podemos rematar sen agradecer o traballo tanto dos profesionais sanitarios como das persoas que, dende múltiples asociacións, son os principais artífices dos pasos adiante dados fronte a este problema.

Por todo isto, reiteramos o noso compromiso co obxectivo de ONUSIDA: CHEGAR A CERO.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2011